

Victorino Pérez Prieto

A ROMAXE DE CRENTE GALEGOS



De Irímia a Santa Margarida
(1978-1997)

A ROMAXE:
Galiza é a nosa casa



O Libro da Romaxe

Hai anos que algúns irimegos veñen reclamando a liturxia das diversas edicións da Romaxe, algunha moi difícil de recuperar, sobre todo das primeiras. Sempre constituíu un pequeno soño a súa edición, pero requiríanse tanto os medios financeiros coma a persoa que realizase o labor.

Este segundo aspecto foi resolvido cando se lle encargou esta angueira a unha persoa que, amén da súa entrega a Irímia, gozase de certa distancia crítica verbo dos primeiros pasos da Romaxe nos que, pola súa idade e distancia xeográfica, non participou.

Victorino Pérez Prieto, a quen se lle debe o impulso para a creación da revista Irímia, da que foi director durante moitos anos, estaba en condicións óptimas e tragou o anzó que se lle botou. O engado adquiriu a forma dun groso volume dunhas 400 páxinas, nas que analiza o feito irimego e a súa máxima expresión pública: a Romaxe de Crentes Galegos.

Describe o noso Tori o nacemento, infancia e camiñar da Romaxe, facendo un minucioso traballo de pescuda nas orixes, entrevistando ós protagonistas e realizando unha valoración, sempre crítica, pero non neutral, senón interesada pola vía da afectividade. Tamén analiza unha a unha tódalas etapas da Romaxe, descubriendo autores de lemas e das liturxias, realizando a crítica tanto literaria coma ideolóxica.

O libro está imprentado por un irimego dos primeiros tempos, Elías Seoane, párroco de Barallobre, que lle puxo agarimo á edición e propiciou facilidades de todo tipo, tamén financeiro. A portada e contraportada son obra de Francisco Bueno Capeáns, un profesional xa consagrado malia a súa mocidade. A intención de Irímia é a de presentar este libro na próxima Romaxe e proporcionalo por un prezo módico, xa que non foi posible a primeira intención de agasallalo a tódolos subscritores de Irímia, de contarnos cunha axuda superior á que outorgou a Xunta, que, con todo, soubo valorar este feito cultural coma merecente de perpetuación para a pequena historia dun pobo non sobrado de fazañas relixioso-culturais.

Oitocentos exemplares estarán a disposición de quen queira conservar e mesmo revivir unha experiencia que pasar por ser algo inédito na Igrexa galega, á que miran con atención e admiración outras Igrexas da Península.

(ver ilustración na contraportada)